TUCAN 10+

# Na procura do Tesouro de Kola

EDNA LÓPEZ

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Edna López

# Na procura do Tesouro de Kola

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Infantil segundo o ditame do xurado composto por: Teresa Colomer, Pep Durán, Esperanza Nova, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro.

Título orixinal: *En busca del Tesora de Kola*

© Edna López, 2011
© Ed. Gal.: Rodeira, 2011
Polígono de Pocomaco, sector A2, nave 16
15190 A Coruña
www.edebe.com

*Directora de Publicacións:* Reina Duarte
*Editora de Literatura Infantil:* Elena Valencia
*Deseño gráfico da cuberta:* César Farrés
*Ilustracións:* Agustín Comotto
© *Traducción:* Héitor Mera Herbello

Primeira edición, marzo 2011

ISBN 978-84-8349-303-8
Depósito Legal: B. 8031-2011
Impreso en España
Printed in Spain

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

# Índice

1. Un lugar misterioso ..... 7
2. Dous bos amigos ..... 15
3. Os *aviesas* ..... 27
4. O oso ..... 41
5. O escondedoiro ..... 51
6. Unha canción alegre ..... 65
7. O rescate ..... 79
8. O espía ..... 95
9. Furtivo paseo nocturno ..... 107
10. Unha pregunta ..... 127
11. Un simple erro ..... 139
12. A trampa ..... 151
13. Un xusto intercambio ..... 167
14. Un tropezo ..... 183
15. O Tesouro de Kola ..... 201

*Se algo pretendo compartir con esta novela, é a idea de abrir a mente, desposuíla de prexuízos e levar a valorar a esencia das cousas máis alá do puramente material, porque as aparencias son un valado para atopar auténticos tesouros.Vida e sabedoría.*

# 1
# Un lugar misterioso

Máis alá do Deserto Vermello, inmerso no mesto bosque de baobabs, atopábase o corroído esqueleto dun vello buque. A fantasmagórica visión deste barco, misteriosamente varado a centos de quilómetros de calquera mar coñecido, resultaba tan sombría e lúgubre que non lembraba máis que a idea da morte. Ningunha das bestas que habitaban o bosque ousaba xamais achegarse a este navío. Nin sequera as aves se atrevían a aniñar entre os seus mastros. E era porque algo sinistro e enigmático se respiraba no ambiente.

—En realidade é un lugar moi fermoso —sentenciou o mensaxeiro cun suspiro de alivio por chegar ata alí san e salvo.

Nos tempos que corrían non era estraño que un emisario coma el tivera que afrontar perigos e adversidades. Non obstante, el era un veterano no oficio e non se deixaba amedrentar por rumores ou lendas. Nos máis de corenta anos que levaba exercendo a súa profesión, xamais deixara de entregar unha carta ou un paquete por máis tenebrosa que fose a paisaxe ou arrepiante a casa. De feito, aquel home miúdo de escasos cabelos agrisados e palabras excesivamente pausadas era coñecido como o máis eficiente mensaxeiro de toda a Illa Kola.

—E agora vexamos o enderezo. Vaia! Un caso complicado. Non se entende máis que unha palabra. Non importa. Gústanme os desafíos.

O mensaxeiro detívose un momento a contemplar a malograda silueta do barco mentres pensaba no absurdo que resultaba sentir medo ante o que non era máis que un buque abandonado. Quedara parvo obser-



vando como a súa mirrada bandeira ondeaba movida polo vento. E de súpeto, case sen poder crelo, no alto do pau maior viu empoleirado un neno. Como subiría alí arriba? Que é o que facía naquel barco ruinoso en metade da nada?

O curioso é que o rapaz non parecía o espectro dun antigo mariñeiro nin un salvaxe máis achegado a un mono que a un ser humano. Non, era un neno coma calquera outro: de pel dourada, cabelos castaños e inmensos ollos amendoados que albiscaban incansables o horizonte. Levaba posta unha impecable camisa branca dun talle moito maior que a súa sen unha engurra, nin unha rachadela, nin sequera unha pequena mancha. O certo é que a roupa e a actitude segura que mantiña sobre o mastro dábanlle unha cativadora elegancia, a que ten aquela persoa que tras unha longa aprendizaxe realiza unha gran proeza sen apenas esforzo.

Isto, en efecto, ocorría todos os días

aproximadamente á mesma hora. O neno estaba acostumado a empoleirarse ao mastro e facíao coa maior soltura. O seu nome era Omar e a súa habilidade de gabear ao pau maior custáralle moito tempo de práctica e constante esforzo. Comezou a aprender o seu oficio había daquela máis de catro anos, cando non tiña máis ca seis. Aínda que, desde logo, o fundamental non era escalar ata alí arriba, senón facer o anuncio. Así que o rapaz abriu a boca, ensanchou os pulmóns e dixo tan alto como puido:

—*Auh uh ahah ah a a ahau ui uhuh a a a a uh ui booo boooa*…

Era unha frase bastante sinxela de comprender, incluso para os que non estiveran familiarizados co canto das baleas. A maioría das persoas e os animais, aínda que non puideran artellar unha palabra nesta arcaica linguaxe, entendían perfectamente que se trataba dunha grave advertencia que podería significar algo así como: «Ao que poña un

pé na nave non lle espera un recibimento suave».

No cabe dúbida de que esta ameaza non tivese o mesmo efecto se fose pronunciada desde a cuberta do corroido navío. E é que o esencial do alto poder de persuasión da mensaxe de Omar radicaba no feito de estar cantado desde o alto do pau maior. Pode que fora polo factor sorpresa ou pola estupefacción que lle causaría a calquera encontrarse fronte a unha situación imposible, é dicir, aquela na que unha balea parecía cantar desde o mastro dun barco varado na metade dun impenetrable bosque.

Ás veces contestaba algunha pita do monte cunha longa diatriba, pero como Omar non comprendía a linguaxe das aves, non podía responder nada máis que a súa reiterada advertencia. Gustaríalle ser un pouco máis amable con aqueles paxaros, sobre todo porque a Omar parecíanlle tan alegres e amigables coas súas estrañas voces que dese-

xarían dicirlles que a ameaza non ía dirixida a eles. Lamentablemente, todo o que o noso amigo sabía dicir na linguaxe das baleas era aquela única e ameazadora frase.

Aquelas palabras ensinárallas había case cinco anos un pescador de lagostas nunha vila mariñeira da costa norte á que foi de excursión coa escola de exploradores. Aquel home repetía aquela frase constantemente para afastar as quenllas do seu bote. Omar aprendera a pronunciar cada son por separado cun considerable esforzo. O curioso era que, a pesar da dificultade da linguaxe e do tempo transcorrido desde aquela, Omar non esquecese nin un son nin unha nota do canto. A razón era que aquela frase lembráballe moito a Marquesiña.